



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE UN PEÓN MEDIOAMBIENTAL, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, ENTRE PERSOAS DESEMPREGADAS PERCEPTORAS DA RISGA CON CARGO A UNHA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

EXPEDIENTE:2021/G003/000570

ANTECEDENTES:

Logo de ver a Orde da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia do 12 de abril de 2021 que establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 78 do 27 de abril de 2021) e tendo en conta a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade do 19 de xullo de 2021 pola que se concede a este concello unha subvención por importe de 10.309,14 euros para a contratación de un (1) peón/peoa mediambiental, durante un período de 9 meses ao 75% da xornada (30 horas), na modalidade de obra ou servizo determinado de interese social, a seleccionar entre persoas que teñan a condición de desempregadas de moi difícil inserción social e/ou en risco de exclusión social, beneficiarias da renda de integración social de Galicia (Risga). Mediante informe de Alcaldía do 18-08-2021 xustificase a necesidade deste Concello da dita contratación.

Presentada o oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo e remitida a este concello a preselección de candidatos solicitada e tendo en conta que a existencia de crédito axeitado e suficiente queda condicionada á formalización do contrato de traballo coa data límite do día 31 de agosto de 2021.

Logo de ver a resolución de Alcaldía núm. 530/2021 do 19-08-2021 pola que se aproba a convocatoria e as bases do proceso selectivo para a contratación de un peón medioambiental entre persoas desempregadas e perceptoras da RISGA, as cales no seu punto quinto establecen un prazo de dous días hábiles para a presentación de solicitudes de participación.

Logo de ver as instancias presentadas dentro do prazo hábil e a certificación de Secretaría sobre as mesmas de data 24-08-2021, conforme ao informe emitido pola encargada do rexistro de data 24-08-2021.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as conforme aos requisitos establecidos na base terceira:

ADMITIDOS/AS:

APELIDOS E NOME	DNI
AÑON REY SUSANA	***1405**
TORRES PAZ MANUEL	***2854**



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

EXCLUIDOS/AS: NINGÚN

SEGUNDO: Publicar a devandita listaxe provisional no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>)

TERCEIRO: Outorgar un prazo de dous días hábiles para presentar alegacións, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello e no da sede electrónica municipal. Se non houberse reclamacións á anterior lista provisional quedará elevada automaticamente a definitiva, sen necesidade dunha nova publicación.

CUARTO: Nomear aos membros do Tribunal, funcionarios, que xulgarán o procedemento selectivo consonte ao establecido nas bases aprobadas pola resolución de Alcaldía núm. 530/2021 do 19-08-2021 e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

PRESIDENTE: Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso

Suplente: M^a Cristina Varela Garcia, secretaria en réxime de acumulación do Concello de Ponteceso

SECRETARIA: Fernando Naya Abeleira, funcionario, administrativo do Concello de Ponteceso

Suplente: José Manuel Ordóñez Barca, funcionario, administrativo do Concello de Ponteceso

VOGAIS:

Primeiro: Benigno Lubián Dubra, director da oficina de emprego de Carballo, en representación da Consellería de Emprego e Igualdade

Suplente: María Elena Negreira Eiroa

Segundo: Cristina Rodríguez Rey. Técnica do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Carballo

Suplente: María Jesús Cerqueiro Dubra. Técnico Medio do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Carballo

Terceiro: Emilio Caínzos Quintás, funcionario, técnico superior da Administración Xeral

Suplente: Rosario Canosa Martínez, traballadora social do Concello de Ponteceso

A actuación do Tribunal cualificador deberá axustarse ás Bases da convocatoria e estará facultada para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no curso do proceso selectivo e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo en todo o non previsto nestas normas. O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nesta resolución e determinará a actuación procedente nos casos previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A abstención e recusación dos membros do Tribunal no seu caso, realizarase consonte ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

QUINTO: Nomear como asesor do Tribunal a D^o Manuel Javier Vidal Varela, oficial de 1^a do



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Concello de Ponteceso

SEXTO: Fixar a data de constitución do Tribunal para xulgar o procedemento selectivo e convocar aos seus membros e aos aspirantes admitidos para a realización da proba correspondente á fase de oposición, debido á premura na que ten que estar formalizado este contrato, na data, na hora e no lugar seguintes:

<u>Lugar</u>	<u>Data</u>	<u>Hora</u>
Biblioteca municipal 10:00 h	26-08-2020	

Por mor da crise sanitaria provocada pola COVID-19 os/as aspirantes deberán estar provistos/as de máscara homologada, e á entrada, despois da súa identificación, someteranse ao control da súa temperatura, non podendo entrar ás probas selectivas os/as que teñan unha temperatura superior a 37,5 ° centígrados. Na entrada e en distintos puntos da instalación haberá a disposición dos/as aspirantes xel hidroalcohólico.

Esta medida baséase no cumprimento dunha obrigación legal, art. 6.1.c) do RXP, para o empregador na prevención de riscos, como misión realizada en interese público, art. 6.1.e) do RXP, e salvagarda dos intereses vitais do interesado e outras persoas físicas, art. 6.1.e) do precitado texto legal.

Respectarase a distancia entre os/as aspirantes para o que o tribunal disporá a separación mínima de dous metros entre eles.

No caso de non se respectaren estas normas sanitarias básicas dará lugar a que o tribunal poida acordar a expulsión dos/as aspirantes incumpridores/as.

SÉTIMO: Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electronicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria
(en réxime de acumulación)

D. Xosé Lois García Carballido
Varela García

D^a. M^a Cristina